

Orde do 31 de maio de 2005 pola que se anuncia a adxudicación de once bolsas de estadias de persoal dos departamentos de estudos galegos de universidades de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa colaboración en proxectos de investigación que se van desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades convocadas por Orde do 7 de marzo de 2005 (Diario Oficial de Galicia número 50, do 14 de marzo).

Con sustentación na proposta contida na acta da sesión que tivo lugar o 13 de maio de 2005 pola comisión seleccionadora para a adxudicación de bolsas de estadias de persoal dos departamentos de estudos galegos de universidades de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa colaboración en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, segundo convocatoria anunciada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no DOG nº 50, do 14 de marzo de 2005, e de conformidade co establecido na base sexta da referida orde de convocatoria, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Conceder once bolsas de estadias de persoal dos departamentos de estudos galegos de universidades de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa colaboración en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, segundo se detallan no anexo á presente resolución.

Segundo.-De acordo co establecido na base segunda da convocatoria, a asignación mensual das bolsas ás que se refire o punto anterior será a recollida no anexo que se acompaña, coa retención fiscal que corresponda.

Terceira.-Contra esta resolución, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución. En todo caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Director xeral de Política Lingüística

ANEXO

Nome e apelidos	Procedencia	Estadía	Importe mes
Barbazán Carvalho, Verónica	Fortaleza (Brasil)	1-7 a 30-9-2005	750
Cioti, Raffaella	Perugia (Italia)	1-7 a 30-11-2005	700
Ibarra Ramos, Adel	Cuba	1-7 a 31-12-2005	750
Kadziokka, Agnieszka	Polonia	1-9 a 31-12-2005	700
Lippert, Meike	Trier (Alemaña)	1-7 a 31-12-2005	700
Martínez Navarro, Azahara	Granada	15-7 a 14-9-2005	600
Maschi, Roberta	Padua (Italia)	1-7 a 31-12-2005	700
Oliveira Gomes, Juliana	Salvador (Brasil)	1-7 a 31-12-2005	750
Richter, Elise	Tubinga (Alemaña)	1-10 a 31-12-2005	700
Rojas Rojo, Valentina	Chile	1-7 a 31-12-2005	750
Sacchi, Luca	Roma	1-6 a 31-12-2005	700

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO**

Orde do 11 de abril de 2005 pola que se modifica a do 18 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para actividades de fomento ao investimento en mercados retallistas, en rúas e zonas peonís-comerciais, e noutros equipamentos comerciais de carácter social, no desenvolvemento do programa cuadrienal de modernización do sector comercial minorista en Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

A Orde do 18 de febreiro de 2005 (DOG nº 42, do 2 de marzo), da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, regula as axudas a corporacións locais para equipamentos comerciais de uso colectivo e de carácter social. Pola natureza dos investimentos a orde preve a posibilidade de adquirir compromisos de carácter plurianual, destinando para fin un total de 4.799.517,83 euros, distribuídos nas anualidades 2005, 2006 e 2007.

Mediante esta orde, e atendendo a criterios de optimización dos recursos nos programas de gasto da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, procedese á redistribución dos créditos aludidos.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuída a Consellería de Innovación, Industria e Comercio en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Modifícase o artigo 2º.1 quedando a nova redacción nos seguintes termos: para a concesión das subvencións, destinarase o crédito correspondente á aplicación orzamentaria 08.04.521-V.761.1. Transferencias de capital. Corporacións locais. Equipamentos comerciais de carácter social, coa seguinte distribución para o ano 2005 e as plurianualidades ano 2006 e 2007, con independencia dos orzamentos que se aproban nos ditos exercicios.

Aplicación orzamentaria: 08.04.521-V.761.1.

Ano 2005: 1.100.000 euros.

Ano 2006: 1.940.000 euros.

Ano 2007: 1.760.000 euros.

Todas estas cantidades poderán ser incrementadas en función das peticións presentadas e de acordo coas disponibilidades de crédito.

2. Atendendo á súa natureza e alcance, esta modificación non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na referida orde. Non obstante os concellos que o consideren oportuno, poderán propoñer no prazo de quince días, contados desde o seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, as modificacións que consideren convenientes no calendario de execución dos investimentos previstos, e dentro das anualidades consideradas nas bases reguladoras.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2005.

Juan Rodríguez Yuste

Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Decreto 149/2005, do 26 de maio, polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de Fisteus (Curtis-A Coruña).

A dispersión parcelaria que presentan os terreos da parroquia de Fisteus, posta de manifesto polo Concello de Curtis e apoiada polos propietarios da zona, mediante solicitude dirixida ao conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, motivou un estudo de viabilidade e de valoración das posibilidades que ofrece a zona para incrementar o rendemento dos recursos agropecuarios, deducíndose a conveniencia de levar a cabo a concentración parcelaria por razóns de utilidade pública e interese social.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, formulada conforme o establecido na Lei galega 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e seis de maio de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Declarar de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de Fisteus (Curtis-A Coruña).

Artigo 2º

O perímetro da zona será, en principio, o correspondente á totalidade dos terreos da parroquia de Fisteus. O referido perímetro quedará en definitiva modificado polas rectificacións, inclusións e exclusións que se acorden ao amparo dos artigos 23 e seguintes da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 10/2001, do 10 de setembro.

Artigo 3º

A esta zona seranlle de aplicación os beneficios económicos programados ou asumidos pola Xunta de Galicia, para mellorar ou modernizar as explotacións agrarias e, en concreto, os que sinale o artigo 6 da Lei de concentración parcelaria para Galicia.

Artigo 4º

Os traballos de execución desta concentración parcelaria iniciaranse nun prazo non superior aos seis meses a partir da publicación do presente decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural para ditar as disposicións complementarias que requira a execución do presente decreto.

Segunda.-A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e seis de maio de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

Decreto 150/2005, do 26 de maio, polo que se acorda a cesión en propiedade, a título gratuito, do predio número 272, da zona de concentración parcelaria de Lourenzá (Lourenzá-Lugo).

O artigo 31.3º da Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da de concentración parcelaria para Galicia, sinala que a consellería competente en materia de agricultura está autorizada a exercer as funcións dominicais sobre o fondo de terras segundo o establecido na lexislación patrimonial, sen prexuízo do informe previo da Consellería de Economía e Facenda para os actos de disposición sobre bens inmoables.

O Concello de Lourenzá solicitou a cesión en propiedade dun inmoible situado no seu termo municipal, o predio sobrante nº 272 da zona de concentración parcelaria de Lourenzá norte (Lourenzá),